



MUSEO DE LUGO

Inauguración | Martes 19 de outubro ás 20:00 horas

Exposición no seu 125 aniversario

ROSALÍA SEMPRE VIVA! VIVA ROSALÍA!



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

Fundación  Manuel María
de Estudos Galegos

Do 19 ao 31 de outubro

Xoves 21 de outubro

20:00 horas

Ao raso coas lebres. Versos de Rosalía de Castro

Un recital-concerto que tenta mostrar a lucidez e rebeldía dunha muller que, adiantándose ao seu tempo, desvela a situación do pobo e da cultura galega, comezando pola lingua, que ten nela a primeira usuaria con forza suficiente para inaugurar un tempo novo marcado pola conciencia e polo orgullo, así como pola contundencia fronte ás agresións.

Talvez non houbo, nin chegará a haber en moito tempo, unha voz tan escoitada con respecto e emoción polo seu pobo.

Con este recital-concerto, CASAHAMLET pretende facerlle chegar ao público, un exemplo de poesía e de compromiso que teñen na nosa escritora os seus acentos máis sonoros.

Xoves 28 de outubro

20:00 horas

Presentación do libro *O Clamor da Rebeldía. Rosalía de Castro: Ensaio e feminismo*, de Pilar García Negro

Na obra podemos ver unha nova mirada sobre Rosalía, que salientan o seu papel pioneiro “no espertar dunha conciencia de xénero que se revela, lúcida e recorrente, na reflexión profunda e avanzada sobre o ser muller”. Acaeralle daquela o carácter de primeira feminista galega, do mesmo xeito que a condición de moderna pensadora, visionaria, pioneira, heterodoxa, independente e aínda revolucionaria. Nada que ver coas visións mitificadoras e en exceso reducionistas que se prolongan até os nosos días.